



UN RESIDENTE DE TRAUMATOLOXÍA DO CHUVI, ÚNICO ESPAÑOL SELECCIONADO PARA UNHA FORMACIÓN AVANZADA DE ARTROSCOPIA

- *Miguel Cela, residente de cuarto ano, foi o gañador da primeira edición do Arthros Racing, programa de adestramento de formación artroscópica de alto rendemento*
- *Para poder ser recoñecido como o mellor alumno, tivo que superar a outros 50 aspirantes dos diferentes centros hospitalarios de España*
- *O servizo de Traumatoloxía do Chuvi realiza preto de 400 artroscopias anuais de diferentes articulacións, a maioría de xeonllos*

Vigo, 2 de marzo de 2023. Miguel Cela López, médico residente de cuarto ano do servizo de Traumatoloxía do CHUVI, foi o gañador da primeira edición do *Arthros Racing*, un programa de adestramento na formación artroscópica de alto rendemento desenvolvido polo laboratorio *Smith + Nephew* e no que os especialistas van introducíndose nesta técnica ao longo dunha aprendizaxe en tres fases que dura máis de tres anos.

Neste adestramento, só os mellores de cada fase avanza cara a seguinte etapa, ata que finalmente a avaliación do equipo docente selecciona ao mellor alumno, que obtén como recompensa unha estancia no hospital nacional que o gañador elix para aprender dos mellores cirurxiáns artroscópicos nacionais.



O mellor entre 50

O Dr. Cela López concorreu na primeira edición iniciada no pasado 2020 enfrontándose a medio centenar de especialistas de toda España. A primeira fase consistiu en familiarizarse con esta técnica cirúrxica xerando novas habilidades cun simulador artroscópico.

Superada esta fase, e na que foron eliminados parte dos concorrentes, Miguel Cela participou nunha serie de obradoiros desenvolvidos en Madrid e nos que amosou as súas habilidades cirúrxicas mediante artroscopia, asistido por os mellores cirurxiáns artroscopistas. De forma progresiva, íase aumentando a dificultade na formación e dos recursos para que a aprendizaxe fose gradual, chegando ao final a intervir en artroscopias de ombreiro ou menisco, por exemplo.



Técnica que precisa adestramento

Finalmente, Cela López obtivo a mellor puntuación, sendo o primeiro residente de cuarto ano de España que se fai con este recoñecemento nunha cirurxía que, como el mesmo, recoñece, "ten a súa complexidade, xa que non é unha intervención convencional na que ves directamente onde vas a operar, e tes que acostumar ao teu cerebro a ver a través dunha cámara, ademais de empregar técnicas que precisan de certas habilidades que hai que adestrar".

A artroscopia é un procedemento minimamente invasivo para diagnosticar e tratar problemas nas articulacións

Fronte á cirurxía convencional, que require de maior incisión cirúrxica, a artroscopia realízase cunha técnica con mínima abordaxe na que a través dunha pequena incisión na pel, o cirurxián inserta unhas cánulas conectadas a unha microcámara xunto co instrumental cirúrxico necesario, de moi pequeno diámetro. Isto é, a artroscopia permite acceder, visualizar e operar a través dunha incisión de escasos milímetros na pel.

As vantaxes deste procedemento son múltiples xa que se acurta o período de recuperación, a estancia hospitalaria e a dor postoperatoria, permitindo ao paciente recuperar axiña a súa vida habitual.

O servizo de Traumatoloxía do Chuvi realiza preto de 400 artroscopias anuais, a maioría de xeonllos, aínda que tamén de ombreiro, cadeira, pulso, nocello, etcétera.